HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corrixirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTES:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1 Aula Regia, 2. Taifas, 3. Valido, 4. Catastro de Ensenada,
5. Unión Liberal, 6. Caciquismo , 7. Semana Tráxica, 8. Nacional-catolicismo.

1.2. Desenvolva un dos catro temas:

1.2.1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica. **(3 puntos)**
1.2.2. A monarquía visigoda. **(3 puntos)**
1.2.3. Reconquista e repoboación. **(3 puntos)**
1.2.4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias. **(3 puntos)**

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a crise da monarquía absoluta. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas do motín de Aranjuez e ás abdicacións de Baiona, así como ás repercusións da ocupación napoleónica. (5 puntos)

Doc. 1. Carta na que Carlos IV solicita a axuda de Napoleón, 23 de marzo de 1808:

"Señor meu irmán: V. M. saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas; e non verá con indiferenza a un rei, que forzado a renunciar a coroa, acode a poñerse nos brazos dun gran monarca aliado seu, subordinándose totalmente á disposición do único que pode darlle a súa felicidade, a de toda a súa familia e a dos seus fieis vasalos. Eu non renunciei en favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias […]; pero asegurado agora con plena confianza na magnanimidade e o xenio do gran home que sempre mostrou ser amigo meu, eu tomei a resolución de conformarme con todo o que este mesmo grande home queira dispoñer de nós e da miña sorte, a da raíña e a do Príncipe da Paz".

Doc. 2. Proclama da Xunta Xeral do Principado de Asturias, maio de 1808:

"Asturianos leais e amados compatriotas: os vosos primeiros votos xa están cumpridos. O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia […]. A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoos para facelos pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia […]. Poñamos por intercesora á nosa Señora das Batallas, cuxa imaxe se venera no antiquísimo templo de Covadonga, e seguro de que non pode abandonarnos en causa tan xusta, corramos a aniquilar e botar da nosa Península nación tan pérfida e tan execrable".

Doc. 3. Napoleón cede a coroa española ao seu irmán, 6 de xuño de 1808:

"Napoleón pola graza de Deus Emperador dos franceses […] a todos os que o presente viren, saúde. Facéndonos saber a Xunta de Estado, o Consello de Castela, a Vila de Madrid etc., por representacións, que o ben de España esixía que se puxese un pronto termo ao interregno, resolvemos proclamar rei das Españas e das Indias ao noso moi amado irmán José Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia".

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a cuestión nacional no último terzo do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás características dos rexionalismos e nacionalismos periféricos no período considerado, ás súas orixes e aos líderes principais. (5 puntos)

selectividad.academy

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

Doc. 1. *Memorial en defensa dos intereses morais e materiais de Cataluña*, coñecido como Memorial de agravios, presentado á Coroa en Madrid o 10 de marzo de 1885:
"Non temos, Señor, a pretensión de debilitar, nin moito menos atacar a gloriosa unidade da patria española; ao contrario, desexamos fortificala e consolidala; pero entendemos que para logralo non é bo camiño afogar e destruír a vida rexional para substituíla pola do centro […]. O que nós desexamos, Señor, é que en España se implante un sistema rexional adecuado […]. Señor: estamos privados do noso sistema administrativo […]. Non podemos usar a nosa lingua máis ca nos nosos fogares e en conversas familiares […]. E como se todo isto non fose bastante, hai tempo que se nos vén ameazando con destruír, ou cando menos adulterar, o noso dereito civil".

Doc. 2. Discurso pronunciado por Manuel Murguía no certame literario celebrado en Pontevedra o 9 de agosto de 1886:
"As linguas son as verdadeiras bandeiras nacionais: levan as súas propias cores. Conservemos a nosa e pelexemos no seu nome e á súa sombra. Ela reflicte a nosa vida intelectual e afectiva: criouse nas nosas entrañas, é a un tempo a nosa nai e a nosa filla: dez séculos puxeron nela canto nos pertence. De dous millóns de habitantes, millón e medio só sabe e só fala o galego. Cultivémola, pois, deámoslle a vida e relevo, a consistencia e a duración de que só é capaz a obra literaria."

Doc. 3. Fragmento do artigo «Glorias y fiestas bastardas», publicado no xornal nacionalista bilbaíno *Bizkaitarra* o 27 de abril de 1894:
"A maior desgraza do biscaíño non é a relaxación dos seus costumes, nin a extinción da súa lingua, nin a corrupción da súa raza, nin a invasión maketa; nin sequera a escravitude á que o reduciu o español. Non: a desgraza máis grande do biscaíño é o non coñecer a súa Patria; que se a coñecese, facilmente evitaría aqueloutras, que son consecuencia desta incomprensible cegueira".

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a guerra civil. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas do golpe militar, á configuración e ideario do bando franquista e ás razóns e efectos da política de non intervención. (5 puntos)

Doc. 1. O deputado republicano Emilio González López narra nas súas *Memorias* as vivencias do golpe:
"Nese tráxico 18 de xullo, acudín ao Congreso dos Deputados, que era un fervedoiro de xentes […]. As noticias que se ían recibindo, de todas partes da península, mostraban que non se trataba dunha nova *sanjurjada*, senón dun extenso movemento militar, no que tomaban parte a maior parte das gornicións de España e con elas os elementos de dereitas, sobre todo monárquicos e falanxistas.
Casares Quiroga non sabía como facer fronte a este alzamento, que se propagaba coa rapidez do lume por toda a península. Non soubera tomar […] ningunha medida eficaz para previlo ou desarticulalo, a pesar de que fora advertido multitude de veces de que se estaba preparando; nin tampouco agora, que xa estalara".

Doc. 2. Fragmento da *Declaración ao país* efectuada pola Xunta de Defensa Nacional (1936):
"Basta! Fronte ao marxismo, España; fronte á anarquía, a lei, e encher o abismo odioso que separaba os españois cos froitos benfeitores dunha sólida obra de goberno que asente a solidariedade nacional baixo unha autoridade inflexible, que impoña a orde pública, que asegure a paz e propulse as desmaiadas enerxías da economía […]. Ditas están as causas e insinuados os propósitos deste levantamento nacional, no que o Exército, cerebro, corazón e brazo, enriquece a grandeza da súa acción co sangue popular, que voluntariamente se incorpora ás filas dos salvadores de España".

Doc. 3. O xeneral republicano Vicente Rojo lembra a guerra desde o seu exilio:
"A non intervención pesaba como unha laxa sobre a República; e en tanto se creaba ao redor desta unha atmosfera de illamento, nós podiamos recibir informes fidedignos relativos ás armas e equipamento de guerra de todas clases que desembarcaban nos portos do Cantábrico e do Sur […]. Que terrible delito cometera unha República que defendía a súa Constitución e as súas leis para que fose sometida internacionalmente a unha asfixia material e moral, condenándoa a ver esterilizados os seus esforzos?"

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas.**

PREGUNTA 1. RESPONDA A LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES:

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)

1. Aula Regia, 2. Taifas, 3. Valido, 4. Catastro de Ensenada,
5. Unión Liberal, 6. Caciquismo, 7. Semana Trágica, 8. Nacional-catolicismo.

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas:

1.2.1. El Neolítico: características y cambios con respecto a la época Paleolítica. **(3 puntos)**
1.2.2. La monarquía visigoda. **(3 puntos)**
1.2.3. Reconquista y repoblación. **(3 puntos)**
1.2.4. Economía y sociedad en la Galicia de los Austrias. **(3 puntos)**

PREGUNTA 2. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la crisis de la monarquía absoluta. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las causas del motín de Aranjuez y las abdicaciones de Bayona, así como a las repercusiones de la ocupación napoleónica. (5 puntos)

Doc. 1. Carta en la que Carlos IV solicita la ayuda de Napoleón, 23 de marzo de 1808:
"Señor mi hermano: V. M. sabrá sin duda con pena los sucesos de Aranjuez y sus resultas; y no verá con indiferencia a un rey, que forzado a renunciar a la corona, acude a ponerse en los brazos de un gran monarca aliado suyo, subordinándose totalmente a la disposición del único que puede darle su felicidad, la de toda su familia y la de sus fieles vasallos. Yo no he renunciado en favor de mi hijo sino por la fuerza de las circunstancias […]; pero asegurado ahora con plena confianza en la magnanimidad y el genio del gran hombre que siempre ha mostrado ser amigo mío, yo he tomado la resolución de conformarme con todo lo que este mismo gran hombre quiera disponer de nosotros y de mi suerte, la de la reina y la del Príncipe de la Paz".

Doc. 2. Proclama de la Junta General del Principado de Asturias, mayo de 1808:
"Asturianos leales y amados compatriotas: Vuestros primeros votos ya están cumplidos. El Principado, en desempeño de aquellos deberes que más interesan al hombre, ya ha declarado formalmente la guerra a Francia […]. Su perfidia con nuestro rey y toda su familia, engañándoles para hacerle pasar a Francia bajo palabra de un eterno armisticio para encadenarles a todos, no tiene igual en la historia […]. Pongamos por intercesora a nuestra Señora de las Batallas, cuya imagen se venera en el antiquísimo templo de Covadonga, y seguro de que no puede abandonarnos en causa tan justa, corramos a aniquilar y arrojar de nuestra Península nación tan pérfida y tan execrable".

Doc. 3. Napoleón cede la corona española a su hermano, 6 de junio de 1808:
"Napoleón por la gracia de Dios Emperador de los franceses […] a todos los que lo presente vieren, salud. Haciéndonos saber la Junta de Estado, el Consejo de Castilla, la Villa de Madrid etc., por representaciones, que el bien de España exigía que se pusiese un pronto término al interregno, resolvemos proclamar rey de las Españas y de las Indias a nuestro muy amado hermano José Napoleón, actual rey de Nápoles y Sicilia".

PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la cuestión nacional en el último tercio del siglo XIX. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las características de los regionalismos y nacionalismos periféricos en el periodo considerado, sus orígenes y líderes principales. (5 puntos)

Doc. 1. *Memorial en defensa de los intereses morales y materiales de Cataluña*, conocido como Memorial de agravios, presentado a la Corona en Madrid el 10 de marzo de 1885:

selectividad.academy

"No tenemos, Señor, la pretensión de debilitar, ni mucho menos atacar la gloriosa unidad de la patria española; al contrario, deseamos fortificarla y consolidarla; pero entendemos que para lograrlo no es buen camino ahogar y destruir la vida regional para sustituirla por la del centro […]. Lo que nosotros deseamos, Señor, es que en España se implante un sistema regional adecuado […]. Señor: estamos privados de nuestro sistema administrativo […]. No podemos usar nuestra lengua más que en nuestros hogares y en conversaciones familiares […]. Y como si todo esto no fuera bastante, hace tiempo que se nos viene amenazando con destruir, o cuando menos adulterar, nuestro derecho civil".

Doc. 2. Discurso pronunciado por Manuel Murguía en el certamen literario celebrado en Pontevedra el 9 de agosto de 1886:
"Las lenguas son las verdaderas banderas nacionales: llevan sus propios colores. Conservemos la nuestra y peleemos en su nombre y a su sombra. Ella refleja nuestra vida intelectual y afectiva: se ha criado en nuestras entrañas, es a un tiempo nuestra madre y nuestra hija: diez siglos pusieron en ella cuanto nos pertenece. De dos millones de habitantes, millón y medio solo sabe y solo habla el gallego. Cultivémosle, pues, démosle la vida y relieve, la consistencia y la duración de que solo es capaz la obra literaria."

Doc. 3. Fragmento del artículo «Glorias y fiestas bastardas», publicado en el periódico nacionalista bilbaíno *Bizkaitarra* el 27 de abril de 1894:
"La mayor desgracia del vizcaíno no es la relajación de sus costumbres, ni la extinción de su lengua, ni la corrupción de su raza, ni la invasión maketa; ni siquiera la esclavitud a que le ha reducido el español. No: la desgracia más grande del vizcaíno es el no conocer a su Patria; que si la conociera, fácilmente evitara aquellas otras, que son consecuencia de esta incomprensible ceguedad".

PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la guerra civil. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las causas del golpe militar, la configuración e ideario del bando franquista y las razones y efectos de la política de no intervención. (5 puntos)

Doc. 1. El diputado republicano Emilio González López narra en sus *Memorias* las vivencias del golpe:
"En ese trágico 18 de julio, acudí al Congreso de los Diputados, que era un hervidero de gentes […]. Las noticias que se iban recibiendo, de todas partes de la península, mostraban que no se trataba de una nueva *sanjurjada*, sino de un extenso movimiento militar, en el que tomaban parte la mayor parte de las guarniciones de España y con ellos los elementos de derechas, sobre todo monárquicos y falangistas.
Casares Quiroga no sabía cómo hacer frente a este alzamiento, que se propagaba con la rapidez del fuego por toda la península. No había sabido tomar […] ninguna medida eficaz para prevenirlo o desarticularlo, a pesar de que había sido advertido multitud de veces de que se estaba preparando; ni tampoco ahora, que ya había estallado".

Doc. 2. Fragmento de la *Declaración al país* efectuada por la Junta de Defensa Nacional (1936):
"¡Basta! Frente al marxismo, España; frente a la anarquía, la ley, y llenar el abismo odioso que separaba a los españoles con los frutos bienhechores de una sólida obra de gobierno que asiente la solidaridad nacional bajo una autoridad inflexible, que imponga el orden público, que asegure la paz y propulse las desmayadas energías de la economía […] Dichas están las causas e insinuados los propósitos de este levantamiento nacional, en el que el Ejército, cerebro, corazón y brazo, enriquece la grandeza de su acción con la sangre popular, que voluntariamente se incorporar a las filas de los salvadores de España".

Doc. 3. El general republicano Vicente Rojo rememora la guerra desde su exilio:
"La no intervención pesaba como una losa sobre la República; y en tanto se creaba en torno a esta una atmósfera de aislamiento, nosotros podíamos recibir informes fidedignos relativos a las armas y pertrechos de guerra de todas clases que desembarcaban en los puertos del Cantábrico y del Sur […]. ¿Qué terrible delito había cometido una República que defendía su Constitución y sus leyes para que se la sometiese internacionalmente a una asfixia material y moral, condenándola a ver esterilizados sus esfuerzos?"

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

Mejor academia online de selectividad

Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- Profesores especialistas en cada asignatura
- Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- Calculadora de nota y guía completa en la web

623 769 002

Escríbenos por WhatsApp

www.selectividad.academy

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso